

Business Angels e Empresas de Capital Risco para EBT en Galicia

¿Qué son?

Os Business Angels son inversores privados e/ou públicos que aportan capital, coñecementos e experiencia, a emprendedores.

O principal obxectivo é a capitalización de novas empresa.

Ó inverter cartos en unha empresa de nova creación, obteñen unha participación na empresa que despois venden para obter beneficios. O tempo de permanencia soe ir dos 3 ós 7 anos.


En Galicia este modelo de inversión empezou a funcionar no 2004. As empresas nas que solen inverter están relacionadas coas TIC.

A inscrición para emprendedores é de balde, unha vez que se inverte no proxecto, o emprendedor debe aportar un % do capital invertido.

As Empresas de Capital Risco son entidades que financian capital a empresas, a súa participación ó igual que os Business Angels é temporal soe ir dos 3 ós 7 anos. A participación nas empresas que financian é minoritaria.

Funcionan concedendo préstamos (participativos ou ordinarios) a longo prazo, grazas a Fondos de Capital Risco.

A inversión nas novas empresas soe ir dos 100.000” ós 300.000



Redes de Business Angels en Galicia.

Business Angels Network Galicia (BANG)



<http://www.bang.es/>

A rede nace en 2004.

Iniciativa da Confederación Empresarial de Ourense, coa colaboración da área de emprego da Xunta de Galicia e INORDE (Instituto Ourenzano de Desenvolvemento Económico). Apoio de Caixanova e o periódico La Región

O financiamento vai dos 25.000 ” ós 250.000 ”

A inscrición para emprendedores é gratuíta, unha vez realizada a inversión, a empresa debe revertir á rede BANG un % do capital invertido.

Fonte: web

UNIBAN, University Business Angels Network



<http://www.uniban.org/portal.aspx?tabindex=0&tabid=15>

Primeira rede business angels que promove unha universidade pública española

Iniciativa da USC (Universidade de Santiago de Compostela) e Uniemprende. Apoio do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio e da Xunta de Galicia. Colaboración de Garrigues abogados y asesores tributarios.

Os requisitos para os emprendedores son: ter vínculo coa universidade, ser un proxecto innovador ou de base tecnolóxica e ter un claro potencial de crecemento

Fonte: web

InnoBAN Innovación y conocimiento para el desarrollo sostenible



<http://www.businessangelsinnoban.es/>

Os requisitos para os emprendedores son: ser un proxecto innovador ou de base tecnolóxica e ter un claro potencial de crecemento e que se atopen en fase de inicio.

A financiación vai dos 50.000 € ós 300.000 €

Fonte: web

Empresas de Capital Risco en Galicia

XesGalicia Sociedad Gestora de Entidades de Capital Risco

XESGALICIA



<http://www.xesgalicia.org/>

Sociedade xestora de entidades de capital risco en Galicia.

Os Fondos de Capital Risco que promove son:

Fondo SEMENTE: para empresas EBT, relacionadas coas TIC.

Fondo EMPRENDE: para emprendedores e proxectos innovadores.

Fondo ADIANTE: para empresas xa existentes, que teñan problemas económicos.

Fondo FERROL INICIATIVAS EMPRESARIALES: restrinxido para empresas de nova creación da comarca de Ferrol.

SODIGA S.C.R.: inverten empresas xa consolidadas que teñan un potencial de crecemento elevado.

INESGA (Inversiones Estratégicas de Galicia): proxectos de inversión que sexan de interese para a economía galega.

Fonte: web

UNIRISCO



<http://www.unirisco.org/#>

UNIRISCO Galicia é a primeira sociedade de capital risco Universitaria.

Fundada no ano 2000

Promoven a creación de empresas que teñan vínculo coa universidade.

Os promotores son:

Entidades públicas: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade de A Coruña, Consorcio da Zona Franca de Vigo

Financeiras: Caixa Galicia, Caixanova, Banco Pastor, Banco Portugués de Investimento

Empresas privadas: Fundación "R", Grupo San José, Inditex

Fonte: web

IGAPE



<http://www.igape.es/axudas/9.html>

O IGAPE é a axencia de desenvolvemento local de Galicia, depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia. Entre os seus obxectivos está p fomentar a creación de novas empresas

Mediante convenios con Sociedades de Garantía Recíproca de Galicia e entidades financeiras que colaboran co IGAPE, aportan axudas, microcréditos e préstamos a emprendedores, empresas de nova creación, de recente creación e consolidadas.

Fonte: web